



MEMORIA 2021

**PROGRAMA DE INTERVENCIÓN AMBULATORIA CON
ADOLESCENTES EN SITUACIÓN DE DIFICULTADE SOCIAL E
DESPROTECCIÓN. Aclad Alborada**



ÍNDICE

1.INTRODUCCIÓN

2.PERFIL DAS PERSOAS ATENDIDAS NO 2021

2.1 Casos atendidos

2.2. Perfil das persoas usuarias

2.2.1. Idade

2.2.2. Motivo de derivación

2.2.3 Situación xurídica

2.2.4 Núcleo de convivencia

2.2.5. Situación formativo-laboral

2.3. Baixas no programa

2.3.1 Motivo de baixa

2.3.2 Permanencia no programa

2.3.3. Grao de consecución dos obxectivos

2.4.Tipoloxía de maltrato infanto-xuvenil

3.INTERVENCIÓNS E TIPOLOXÍA DESTAS

4. RECURSOS EMPREGADOS

4.1. Recursos materiais

4.2 Recursos persoais

1. INTRODUCCIÓN

Dende o Equipo Psicoeducativo do Programa de Intervención Ambulatoria con Adolescentes en situación de dificultade social e desprotección entendemos a **Memoria Anual** como o documento no que se **describen** e **avalían** tódalas actuacións que se realizaron durante todo o ano anterior, neste caso o 2021, proporcionando unha visión de conxunto do servizo que se presta ás persoas destinatarias, co obxectivo de que este se vaia adaptando progresivamente as súas necesidades.

MISIÓN DO PROGRAMA AMBULATORIO DE INTERVENCIÓN CON ADOLESCENTES EN CONFLITO

A nosa **misión** pasa por realizar unha labor de prevención e intervención, tratando de diminuír ou eliminar as condutas problemáticas dalgunhas persoas adolescentes (uso ou abuso de drogas, problemas de comportamento no ámbito familiar e/ou escolar, violencia, comisión de delitos, etc.)

Pretendemos acadar a nosa misión mediante a participación dos/as menores e das súas familias nunha serie de actividades incluídas nas diferentes áreas do programa psicoeducativo:

- Área de desenvolvemento persoal
- Área de saúde
- Área de convivencia e relación coa contorna social
- Área de relación familiares
- Área de formación
- Área de orientación e inserción laboral
- Área de estruturación do lecer e tempo libre

En canto a colectividade búscase a colaboración con cantos Organismos e Entidades, públicas ou privadas, teñan relación coa problemática dos/as menores, e a nosa misión deberá ir encamiñada a participar en campañas de prevención e asesoramento, a colaborar en proxectos comunitarios, a elaborar memorias institucionais e a participar en actividades de formación.

DATOS XERAIS DA ENTIDADE

A “**Asociación Ciudadana de Lucha contra la droga ALBORADA**” comezou a súa labor preventiva, asistencial e de incorporación social no campo das drogodependencias no **ano 1982** coa apertura da Comunidade Terapéutica. Posteriormente creouse a Unidade Asistencial, o Centro de Día de Drogodependencias, o Centro de Día de Atención al Menor e o Programa Creative. No ano 2008, nas mesmas instalacións do Centro de Día de Atención al Menor, ponse en funcionamento o Programa de Intervención Ambulatoria con Adolescentes.

O feito de pertencer a unha O.N.G. con tan ampla traxectoria, permítelle aos diferentes dispositivos estar integrados nunha gran estrutura e beneficiarse e coordinarse cos diferentes programas da Asociación.



VISIÓN DO CENTRO DE MENORES

A **visión** que desexamos para o centro está enfocada en satisfacer as necesidades dos diferentes usuarios polo que queremos, entre outras cousas, SER:

- Referente en Galicia na atención e tratamento de adolescentes en situación de dificultade social e desprotección.
- Considerados como un centro profesional, público, responsábel e innovador
- Un centro co que se poida contar para novos retos e proxectos
- Áxiles, eficaces e eficientes ante as necesidades detectadas
- Referente na atención integral das condutas disociais e/ou aditivas

***2.PERFIL DAS PERSOAS ATENDIDAS
NO ANO 2021***

2.2. IDADE

O Programa Ambulatorio, con carácter xeral, atende a persoas menores con idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos, aínda que poden incorporarse a maiores da dita idade como apoio ou continuación do tratamento antes da alta definitiva. Do mesmo xeito, é posible incluír a menores de 12 anos en determinados supostos específicos, sempre que respondan ao perfil do noso recurso. No ano 2021 prestouselles atención psicolóxica e socioeducativa a adolescentes coas seguintes idades:

NOVAS INCORPORACIONS		
	MULLERES	HOMES
11 anos	1	0
12 anos	2	2
13 anos	2	0
14 anos	5	2
15 anos	7	2
16 anos	6	4
17 anos	6	4
18 anos	2	0
+18 anos	1	0

BAIXAS		
	MULLERES	HOMES
11 anos	0	0
12 anos	1	0
13 anos	3	0
14 anos	0	2
15 anos	6	1
16 anos	6	2
17 anos	5	6
18 anos	2	2
+18 anos	2	1

TOTAL CASOS		
	MULLERES	HOMES
11 anos	1	1
12 anos	2	2
13 anos	4	3
14 anos	8	6
15 anos	12	7
16 anos	12	5
17 anos	11	10
18 anos	4	5
+18 anos	6	1

** A idade predominante dos menores atendidos no centro oscila entre os 15 e os 17 anos (ambos os dous incluídos), atopándose dentro deste intervalo un total de 57 persoas.

2.3. MOTIVO DE DERIVACIÓN

Os menores do Programa Ambulatorio non presentan un só motivo de ingreso, senón que cada un deles ven derivado dende o Servizo de Menores por dous ou máis motivos combinados: problemas comportamentais/persoais, problemas no ámbito formativo, maltrato/conflicto intrafamiliar e condutas adictivas.

NOVAS INCORPORACIÓNS			BAIXAS		
	MULLERES	HOMES		MULLERES	HOMES
CONFLITO INTRAFAMILIAR/MALTRATO	20	5	CONFLITO INTRAFAMILIAR/MALTRATO	13	7
CONDUCTAS ADITIVAS	0	1	CONDUCTAS ADITIVAS	0	1
PROBLEMA ÁMBITO FORMATIVO	1	0	PROBLEMA ÁMBITO FORMATIVO	1	0
PROBLEMA PERSOAL/COMPORAMENTAL	11	8	PROBLEMA PERSOAL/COMPORAMENTAL	11	6

TOTAL CASOS		
	MULLERES	HOMES
CONFLITO INTRAFAMILIAR/MALTRATO	37	21
CONDUCTAS ADITIVAS	0	1
PROBLEMA ÁMBITO FORMATIVO	1	0
PROBLEMA PERSOAL/COMPORAMENTAL	22	18

*Cómpre sinalar que só se especifica o motivo principal, o que non quere dicir que sexa o único obxectivo a traballar dende este dispositivo.

2.4. SITUACIÓN XURÍDICA

As persoas atendidas no 2021, atopábanse nas seguintes situacións xurídicas:

NOVAS INCORPORACIONS		
	MULLERES	HOMES
TUTELA	15	8
GUARDA	5	1
PRESERVACIÓN FAMILIAR	12	5

BAIXAS		
	MULLERES	HOMES
TUTELA	4	6
GUARDA	4	2
PRESERVACIÓN FAMILIAR	17	6

TOTAL CASOS		
	MULLERES	HOMES
TUTELA	24	24
GUARDA	8	3
PRESERVACIÓN FAMILIAR	28	13

2.5. NÚCLEO DE CONVIVENCIA

Con respecto ao núcleo de convivencia no que vive o menor diariamente, os datos do ano serían os seguintes:

NOVAS INCORPORACIONS		
	MULLERES	HOMES
ACOLLEMENTO FAMILIA EXTENSA	7	1
ACOLLEMENTO FAMILIA ALLEA	0	0
ACOLLEMENTO RESIDENCIAL	17	7
AMBOS PROXENITORES	3	0
MONOPARENTAL	3	3
NAI E OUTROS	2	3
PAI E OUTROS	0	0
INDEPENDIZADO	0	0

NÚCLEO DE CONVIVENCIA		
BAIXAS		
	MULLERES	HOMES
ACOLLEMENTO FAMILIA EXTENSA	3	2
ACOLLEMENTO FAMILIA ALLEA	0	0
ACOLLEMENTO RESIDENCIAL	7	3
AMBOS PROXENITORES	4	2
MONOPARENTAL	4	2
NAI E OUTROS	3	4
PAI E OUTROS	3	0
INDEPENDIZADO	1	1

TOTAL CASOS		
	MULLERES	HOMES
ACOLLENTTO FAMILIA EXTENSA	9	5
ACOLLEMENTO FAMILIA ALLEA	1	0
ACOLLEENTO RESIDENCIAL	30	21
AMBOS PROXENITORES	8	2
MONOPARENTAL	3	6
NAI E OUTROS	5	4
PAI E OUTROS	3	0
INDEPENDIZADO	1	2

2.6. SITUACIÓN FORMATIVO/LABORAL

Nas 100 persoas atendidas, a súa ocupación formativo-laboral foi a que se especifica a continuación. A meirande parte delas, 83, asistían a unha formación regrada.

NOVAS INCORPORACIONS		
	MULLERES	HOMES
FORMACIÓN REGRADA	29	12
FORMACIÓN NON REGRADA	1	1
BÚSQUEDA ACTIVA DE EMPREGO	2	0
EMPREGO	0	0
OUTROS	0	1

BAIXAS		
	MULLERES	HOMES
FORMACIÓN REGRADA	18	9
FORMACIÓN NON REGRADA	1	1
BÚSQUEDA ACTIVA DE EMPREGO	4	0
EMPREGO	2	2
OUTROS	0	2

TOTAL CASOS		
	MULLERES	HOMES
FORMACIÓN REGRADA	50	33
FORMACIÓN NON REGRADA	2	2
BÚSQUEDA ACTIVA DE EMPREGO	4	0
EMPREGO	4	3
OUTROS	0	2

2.7. TIPOLOXÍA DE MALTRATO INFANTO-XUVENIL

Das 100 persoas adolestestes que asistiron este ano ao programa, a maioría delas sufriron varias formas de maltrato na súa infancia e adolescencia.

Parecenos importante resaltar a alta incedencia deste tipo de situacións e os danos que dela derívanse.

Os datos son os seguintes:

TIPOS DE MALTRATO			
	MULLERES	HOMES	TOTAL CASOS
MALTRATO PRENATAL	13	11	24
ABANDONO/MALTRATO EMOCIONAL	52	35	87
ABANDONO/MALTRATO FÍSICO	47	32	79
NEGLIGENCIA	27	26	53
VIOLENCIA SEXUAL	27	7	34
ACOSO ESCOLAR	14	3	17
MALTRATO INSTITUCIONAL	3	5	8
MUNCHAÜSEN	2	1	3
SOBREPROTECCIÓN	4	3	7
SOBREEXIGENCIA	16	4	20

**3.BAIXAS NO PROGRAMA
NO ANO 2021**

3.1. MOTIVO DE BAIXA

No ano 2021 causaron baixa no Programa de Intervención Ambulatoria trinta e nove persoas usuarias.

Dezasete adolescentes foron baixa por consecución de obxectivos, catorce foron derivados a outros recursos considerados máis axeitados para abordar a súa problemática, en catro casos non foi posible continuar co tratamento iniciado e catro persoas deixaron de vir por decisión propia.

MOTIVO DE BAIXA		
TOTAL : 39		
	MULLERES	HOMES
CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS	13	4
DERIVACIÓN	8	6
IMPOSIBILIDAD DE CONTINUAR EL TRATAMIENTO	1	3
ABANDONO	3	1

3.2 PERMANENCIA NO PROGRAMA

Obsérvase que ao longo deste ano, **nos/as trinta e nove adolescentes que causaron baixa no Programa** Intervención Ambulatoria, deuse a seguinte permanencia:

PERMANENCIA NO PROGRAMA		
TOTAL : 39		
	MULLERES	HOMES
0-6 MESES	7	4
6-12 MESES	10	4
12-18 MESES	0	2
+18 MESES	8	4

3.3. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Nas trinta e nove persoas adolescentes que foron baixa no Programa, o grao no que se conseguiron os obxectivos formulados ao principio do tratamento, foi o que se especifica na tabla, máis abaixo.

Para avaliar isto, empregáronse indicadores como os seguintes:


- ✓ Actitude da/o menor fronte á terapia.
- ✓ Asistencia.
- ✓ Implicación das figuras coidadoras/gardadoras no proceso terapéutico.
- ✓ Resultados das diferentes enquisas de satisfacción entregadas á persoa adolescente, familia ou centro de protección.
- ✓ Os aprendizaxes adquiridos e a súa xeneralización á vida cotidiana.
- ✓ O nivel de elaboración e integración das súas experiencias traumáticas.

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS		
TOTAL CASOS: 39		
	MULLERES	HOMES
MOI BAIXO	2	4
BAIXO	5	2
MEDIO	4	2
ALTO	9	3
MOI ALTO	5	3

4. INTERVENCIÓN E TIPOLOGÍA DESTAS

As intervencións máis significativas realizadas ao longo do ano 2021 foron as seguintes:

INTERVENCIÓNS DESENVOLVIDAS	
	TOTAL
INTERVENCIÓNS PSICOLÓXICAS (menor e/ou familia)	1205
INTERVENCIÓNS NO PRESENCIAIS (menor e/ou familia)	1240
INTERVENCIÓNS EDUCATIVAS (menor e/ou familia)	523
INTERVENCIÓNS EN REDE	1606
INTERVENCIÓNS POST-INSTITUCIONAL	411
INTERVENCIÓNS GRUPAIS	118
PROGRAMAS ESPECÍFICOS	1196
TOTAL	6299



**SAIDA
TERAPÉUTICA
GRUPO DE
VÍTIMAS**



**DEFENSA PERSOAL
PARA VÍTIMAS**

5. RECURSOS EMPREGADOS

5.1. RECURSOS MATERIAIS

5.1.1. Recursos propios do programa

- ✓ Dotación informática
- ✓ Programa informático propio: GECM (Programa de xestión de centros de menores)
- ✓ Bibliotecas: con seccións para menores, familias e profesionais. Con contidos de diversas modalidades (literatura, apoios académicos, manuais e guías, bibliografía profesional, etc.)
- ✓ Material psicométrico: que inclúe unha gran variedade de probas de ámbito clínico (de personalidade, avaliación de conduta, estilos parentais, cuestionarios de avaliación de ansiedade, sintomatoloxía depresiva, condutas antisociais, TDAH, etc) e de ámbito académico (detección de problemas neuropsicolóxicos, avaliación de dificultades de atención, cognitivas, aptitudes, test de intelixencia e rendemento, orientación vocacional, etc.).
- ✓ Xogos, taboleiros, tarxetas e múltiples materiais terapéuticos que permiten traballar identificación e expresión de sentimentos, resolución de conflitos, duelos, autocontrol emocional, elaboración da súa historia de vida, superación de feitos traumáticos, adquisición de habilidades sociais, educación para a saúde, etc.

É de destacar que nestes anos tamén elaboramos materiais propios que consideramos que poden ser axeitados á etapa adolescente e ás características das nosas persoas usuarias.

- ✓ Ferramentas terapéuticas: como caixa de área, material de Lego, etc
- ✓ Material audiovisual: temos unha ampla recompilación de vídeos, cortos, películas, documentais e outros que utilízanse tanto en intervención individual coma grupal.

Temos colaborado na creación de distintos materiais audiovisuais, para uso de todos e todas os/as profesionais que queiran darlles utilidade.



5.1.2. Recursos dos que dispoñemos por pertencer a ACLAD Alborada

- ✓ Furgoneta de sete prazas
- ✓ Laboratorio
- ✓ Horta ecolóxica
- ✓ Salas e materias de lecer do centro de día

5.2. RECURSOS PERSOAIS

5.2.1. Recursos propios do programa

O equipo psicoeducativo está composto por tres profesionais especializadas en adolescencia, maltrato infantil, trauma, condutas aditivas, problemas de aprendizaxe, etc.

- Dúas psicólogas sanitarias e terapeutas familiares.
- Unha educadora social.

Tamén forman parte do equipo, a tempo parcial:

- Un director
- Unha auxiliar administrativo
- Persoal de limpeza

5.2.2. Recursos dos que disponemos por pertencer a ACLAD Alborada

A asociación conta cun equipo multidisciplinar que está dispoñible para toda consulta e orientación que necesitemos: psiquiatras, traballadoras sociais, médico, farmacéutica, enfermeira, persoal de laboratorio, persoal administrativo, monitores, educadores/as e psicólogos/as.

